

Exemplos de uso das **Redes Sociais** na Aula de Idiomas

Autores en Orde alfabética:

Alonso Barreiro, Pablo
Blanco Fernández, Elisa
Conde Pardo, Patricia
Currás López, Jesús
del Río Caamaño, María Alicia
Ferro dos Santos, Rui Manuel
Gil Iglesias, Lucía
Gregorio Gregorio, Montserrat
Hernández Fernández, Marta
Honrado Juan, María Nieves
Mariño Pego, Ana María
Millán González, Mónica
Ramos Martínez, Alba
Rodicio Rodicio, Ana Belén
Roger Quiroga, Enrique
Salanova Sarmiento, Isabel
Sanmiguel Sousa , Sandra
Sarmiento Tránchez, Santiago
Taboada Eiré, Cristina
Vázquez González, Rut



Febreiro 2023

Escola Oficial de Idiomas de Ourense



Índice de contidos

| | |
|--|----|
| Mediación gráfica (B1, C1, C2) | 1 |
| Os gustos na comida (A2, B1) | 3 |
| Tipos de clima (B2) | 5 |
| How to write an informal email (B1) | 6 |
| Sistemas de Governo – a Monarquía (B2, C1) | 8 |
| Comentario de noticias (C1, C2) | 11 |
| Qué fixeches estos últimos días? (A2) | 12 |
| A te la parola! (B1) | 14 |
| Presentámonos (A2, B1) | 16 |
| Cores e tempo atmosférico (C1) | 18 |
| Descrición de imaxes en Instagram (A1, A2) | 19 |
| Felicitacións de Nadal (B1, B2, C1, C2) | 21 |
| Expresión oral e escrita en Telegram (A2-C2) | 27 |
| Por qué aprender unha lingua estranxeira? (B2) | 24 |
| Imos ao cine (B1, B2) | 29 |
| Canción de Nadal (A2, B1, B2) | 31 |
| O falar non ten cancelas (B2, C1, C2) | 33 |
| In giro per la città (A2-C2) | 35 |
| Desexos de aninovo (A1, A2, B1) | 37 |
| Falando da tua cidade (B1) | 39 |



Actividade: **Mediación gráfica**

Autora: Conde Pardo, Patricia

Niveis : B2, C1, C2

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador, conexión a Internet, [Twitter](#) 

Obxectivos:

- Crear un fio en [Twitter](#) cos resumos feitos polo alumnado sobre a información recollida nun gráfico,
- Practicar a mediación escrita

Xustificación da actividade:

Habitualmente, para o alumnado resulta difícil expresar unha idea de forma moi resumida. [Twitter](#) permite tan só 280 caracteres, polo que resulta unha boa práctica da **actividade de mediación** para o alumnado de EOI

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario específico do tema a tratar
- Expresións empregadas para falar de porcentaxes e comparativas sobre datos numéricos.
- Selección dos datos máis significativos dun gráfico.

Procedemento a seguir:


PASO 1

O profesor pide aos seus alumnos que observen un gráfico con información sobre un tema concreto.

PASO 2

O alumnado fará un resumo da información recollida no gráfico que deberán publicar en [Twitter](#) empregando un hashtag común ou varios hashtag que permitan identificar todos os tweets publicados (p.e. [#inglesC1](#) [#medE](#) [#tema1](#))

PASO 3

O alumnado dará un “like”  ao tweet ou tweets que considere máis axustados ou que mellor resumen a información do gráfico.

PASO 4



O profesor comentará na aula os resumos publicados en [Twitter](#) e argumentará os fallos e os acertos para concordar co seu alumnado o mellor resumo ou os mellores resumos, e comprobarán se coinciden co resumo ou resumos que obtiveran maior número de “likes”.

Actividade: **Os gustos na comida**

Autoras: Blanco Fernández, Elisa
Honrado Juan, María Nieves

Niveis : A2, B1

Lingua: Inglés

Recursos: Ordenador, conexión a Internet, [Facebook](#) , [App Voki](#) . Gravadora, dispositivos móbiles

Obxectivos:

- Interacción oral dunha tarefa de lingua: Interacción de 2 minutos dunha parella.
- Publicar a tarefa en [Facebook](#).
- Facer un comentario á tarefa doutros compañeiros

Xustificación da actividade:

Facilitar ao alumnado a práctica da interacción oral, á vez que escoitan tamén a interacción dos seus compañeiros e engaden un comentario positivo ou construtivo.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario específico do tema “Food. Likes and dislikes”.
- Expresións, nomes e adxectivos referidos a tipos de comida, sabores, saúde, etc.
- Uso correcto das expresións de gustos e preferencias.
- Coherencia e cohesión na interacción.
- Uso correcto das quendas na interacción.
- Pronunciación e entoación.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Na clase vemos estes vídeos que mostran diferentes niveis de interacción para que sirvan de apoio e exemplo:

<https://youtu.be/-76wWvygJI>

<https://www.youtube.com/watch?v=WhM5DwavnMA>

<https://youtu.be/lq23ljZ-eK8>

Comentamos os aspectos importantes.

PASO 2

O alumnado traballará en parellas supervisado polo profesor. Pode tomar notas ou facer un guión. A tarefa poderá gravarse, preferentemente cos seus dispositivos móbiles, as veces que sexan necesarias ata que o alumno estea satisfeito.

PASO 3

Se o alumno prefire non expoñer publicamente a súa imaxe pode facelo mediante un Avatar en [Voki](#). Ver links de cómo crear un avatar sen ter que rexistrarse, ou avatar con voz rexistrándose. O produto publicarase en [Facebook](#).

PASO 4

Unha vez que xa estean todos publicados e visualizados, comentarán a tarefa dalgún compañeiro.

PASO 5


O profesor dará feedback na clase.

Actividade: **Tipos de clima**

Autor: Currás López, Jesús

Niveis : B2

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador, tableta ou teléfono móbil, conexión a Internet, [WhatsApp](#) 

Obxectivos:

- Aprender vocabulario e expresións relacionadas cos distintos tipos de clima que existen no mundo.
- Compartir información.

Xustificación da actividade:

O feito de ter que buscar información aumenta o interese e facilita a aprendizaxe e retención do novo vocabulario e expresións.

Contidos previos a tratar na aula:

Vocabulario e expresións para describir o tempo meteorolóxico e os diferentes climas que existen no mundo.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Na aula facilitarase o vocabulario relacionado co tema, así como páxinas web onde poder ampliar ese vocabulario e atopar imaxes. Farase un reparto de tarefas.

PASO 2

Cada alumno buscará na web o vocabulario referente ao tipo de clima que lle foi asignado e unha imaxe que describa ese clima. Compartirá esa información cos compañeiros a través de [WhatsApp](#).

PASO 3

Na aula, co novo vocabulario aprendido, proxectaranse as imaxes e os alumnos terán que describilas, empregando as diferentes palabras e expresións, e dicir a que tipo de clima corresponden.


Actividade:

How to write an informal email

Autora: Del Río Caamaño, Alicia

Niveis : B1


Lingua: Inglés

Recursos: Ordenador, tableta ou teléfono móbil,  YouTube

Obxectivos:

Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación, propósito comunicativo) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans

Xustificación da actividade:

O uso das redes sociais é moi doado, dispoñer do formato/linguaxe axeitado o nivel B1 dun correo electrónico informal, resulta axeitado facelo nun post de  Facebook ou  Instagram. O alumnado pode ver nas publicacións o seu nivel correspondente no Departamento de Inglés da EOI de Ourense.

Contidos previos a tratar na aula:

- Format
- Useful Language.

Procedemento a seguir:

PASO 1

O profesor pide o alumnado que visualice dous videos en Youtube para identificar as partes dun email:

WRITING B1- Cómo escribir un ARTICLE and INFORMAL LETTER en inglés: <https://www.youtube.com/watch?v=Jdk4PY7XRZ0&t=401s>

Cómo escribir unha carta ou email informal en inglés B1- Writing EOI: https://www.youtube.com/watch?v=KjKcc_9qTKk

PASO 2

O alumnado observará e traballará a comprensión escrita e a produción escrita con exemplos de mails informais online:

<https://learnenglish.britishcouncil.org/skills/writing/b1-writing/an-email-giving-holiday-advice>

PASO 3

O alumnado subirá a un post de Facebook as súas cartas.

PASO 4



O profesor comentará na aula os textos publicados e argumentará os fallos e os acertos co alumnado.



Actividade: **Sistemas de Governo – a Monarquía**

Autor: Ferro dos Santos, Rui Manuel

Niveis : B2, C1(monográfico) **Língua:** Portugués

Recursos: Ordenador, conexión a Internet, canón proxector, Aula Virtual, Powerpoint, [WhatsApp](#) , Google, [Youtube](#) 

Obxectivos:

- Fomentar a pesquisa de contidos históricos-culturais en Língua Portuguesa (LP).
- Crear un contido en Powerpoint (ou aplicación similar) sobre a información pesquisada.
- Practicar a expresión escrita (PTE) - capacidade de desenvolvemento de textos longos, de acordo co nivel.


Practicar a expresión oral (PTO) a través dunha presentación con recurso a un soporte (áudio)visual, arriba indicado.

Xustificación da actividade:

Para o alumnado resulta difícil expresarse correctamente tanto a nivel oral (PTO) como escrito (PTE), así como argumentar os seus puntos de vista de forma consistente e lingüisticamente correcta. Polo tanto, consideramos unha boa práctica os exercicios destinados ao desenvolvemento da capacidade de investigación e de exposición de contidos axeitados, en cuanto ao tema proposto, e estruturados, nos que se presentan os respectivos puntos de vista (capacidade argumentativa) cun grao de elaboración complexo, de acordo co marco do nivel.

Contidos previos a tratar na aula:

- Concepto de Monarquía: definición; distintos tipos (absoluta, parlamentar, etc.); comparación con outros réximes de goberno.

- 
- A Monarquía en Portugal e as súas distintas dinastías.
 - O final da Monarquía portuguesa e o xurdimento da República.

Presentación da páxina: Os Reis de Portugal - ensina.rtp.pt/artigos/os-reis-de-portugal/, a través da Aula Virtual (Moodle).

Procedemento a seguir:

PASO 1

O profesor, en clase ou a través do [WhatsApp](#) (grupo de clase formado previamente (ver **Nota** ao final da actividade)), invita o alumnado a acceder á Aula Virtual do curso monográfico (titulado Temas de Língua e Cultura Portuguesa), capítulo [SISTEMA POLÍTICOS \(MONARQUÍA, DITADURA, DEMOCRACIA\) / Os reis de Portugal \(RTP\)](#). En alternativa, este PASO pode ser presentado en clase e proxectado en pantalla, dada a escasa utilización, por parte do alumnado, do modelo virtual en contexto presencial.

PASO 2

Os alumnos consultarán o gráfico (*time line*) sobre os reis de Portugal, debendo elixir un sobre o que traballar. Comunicarán a súa elección en clase ou a través do [WhatsApp](#) (os non presentes tamén poderán facelo por esta vía), de xeito que todo o grupo teña coñecemento da actividade.

PASO 3

Cada alumno elaborará, en Powerpoint (preferentemente) ou aplicación equivalente, unha presentación sobre a figura rexia elixida, podendo incluír enlaces, fotos, vídeos, gravacións audio propias ou tipo *podcast*, etc. que poidan completar a súa exposición. O material será enviado ao profesor para corrección de contidos lingüísticos e culturais, así como de forma.

PASO 4

En clase, ou a través de [WhatsApp](#), será comunicada a data de presentación da cada traballo (individual, dado o reducido número de alumnos: 10).

Cada presentación tardará sobre 10-15 minutos, debendo o docente, ao final, comentar os aspectos máis significativos, que, ademais, deberán tamén ser comentados polos compañeiros de clase, en xeito de debate.


Nota: O **WhatsApp** servirá, a maiores, para que o alumnado poida facer preguntas, achegar información de última hora e aclarar dúbidas, considerando que non todo o mundo se sente cómodo coa plataforma Moodle e só hai dúas clases presencias á semana

Actividade: **Comentario de noticias**

Autora: Gil Iglesias, Lucía

Niveis : C1, C2

Lingua: Inglés

Recursos: Ordenador, tableta ou móbil, conexión a Internet, [Twitter](#) 

Obxectivos:

Crear un fío en [Twitter](#) cos comentarios sobre un artigo no periódico The Guardian sobre o puñetazo de Will Smith a Chris Rock na gala dos Óscar. O alumnado poderá expresar a súa opinión xustificada, resumindo os aspectos máis destacados da noticia, parafraseando a información e engadindo información propia se o ven preciso. Tosdo isto nun número reducido de palabras (280 caracteres, que é o que permite [Twitter](#)).

Xustificación da actividade:

As prácticas de lectura e resumo das ideas principais dun texto así como expresar e compartir opinión son moi típicas do nivel avanzado.

Contidos previos a tratar na aula:

Vocabulario relacionado cos diferentes tipos de violencia

Procedemento a seguir:

PASO 1

Vemos o vídeo do momento do puñetazo na gala dos Óscar.
Lemos o artigo de The Guardian.

PASO 2

Facemos varios exercicios de comprensión para asegurarnos de que o alumnado comprende o vocabulario e as diferentes expresións.

PASO 3

Abrimos un fío de [Twitter](#) no que o alumnado dará a súa opinión sobre o artigo (isto farano na Casa)

PASO 4

De volta na aula reflexionaremos sobre todas as opinións escritas

Actividade: **Qué fixeches estos últimos días?**

Autora: Gregorio Gregorio, Montserrat

Niveis : A2

Lingua: Alemán

Recursos: Ordenador, tableta ou móbil, conexión a Internet [Twitter](#) 
e/ou [Instagram](#)  , [Youtube](#) 

Obxectivos:

- Crear un fio en [Twitter](#) contando actividades que realizou o alumnado durante a fin de semana.
- Repasar vocabulario da rutina diaria.
- Usar o pasado.

Xustificación da actividade:

Con esta actividade preténdese facer máis atractiva a práctica de estruturas gramaticais. Usar un medio como [Twitter](#) ou [Instagram](#), ós que o alumnado está habituado na súa vida cotiá, pode ser un aliciente. Ademais, valorar a orixinalidade das actividades que din realizar, non ten por que ser verdade, fomentará a adquisición de novo vocabulario tanto por parte da persoa que escribe o chío, como das persoas que len ese chío, pois se non o entenden, buscarán o significado.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario de tarefas do día a día.
- Formación do pasado simple e repaso do pasado composto.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Na aula explícase a formación do pasado simple e o seu uso.

PASO 2

Repasamos tamén na aula multimedia o vocabulario da xornada con vídeos de [Youtube](#):

- <https://www.youtube.com/watch?v=UpbPANMQ0C4>
- <https://www.youtube.com/watch?v=-kFGztQgDiq>
- <https://www.youtube.com/watch?v=ZGaDlykqmwQ>

Facemos 3 grupos e cada un deles encárgase de visualizar un dos vídeos. Os grupos recompilan as actividades que aparecen nel e anotan os verbos en pasado.

PASO 3

Refacemos os grupos en tríos para que haxa una persoa de cada un dos 3 grupos anteriores, e cóntanse a xornada da persoa que viron.

PASO 4

O docente abre un chío en [Twitter](#) cos hashtags elixidos, p. ex. #Tagesablauf, DeutschA2 e pidelle ó alumnado que ó longo de 3 ou 4 días engadan actividades que foron facendo. Esta actividade tamén se podería facer a través de [Instagram](#).

PASO 5

Pasados os 4 días, recompilación na aula dos chíos publicados e premio á persoa máis activa e/ou orixinal da actividade



Actividade: **A te la parola!**

Autora: Hernández Fernández, Marta

Niveis : B1

Lingua: Italiano

Recursos: Ordenador, tableta ou móbil, conexión a Internet, [Twitter](#) 

Obxectivos:

- Ampliar e reforzar o vocabulario.
- Traballar de xeito colaborativo.
- Practicar a expresión escrita.
- Fomentar a heteroavaliación.

Xustificación da actividade:

A ampliación do vocabulario e a expresión escrita son fundamentais cando queremos aprender unha lingua. Ademais, con esta actividade fomentamos a creatividade e a capacidade de síntese, así como as prácticas de heteroavaliación e a construción da propia aprendizaxe por parte do alumnado.

Contidos previos a tratar na aula:

Trátase dunha actividade que se pode realizar en cada unidade didáctica co campo semántico correspondente. Pódese empezar o xogo nos primeiros días cando facemos a presentación do tema e rematar a unidade co resultado final (Paso 4).

Procedemento a seguir:

PASO 1

O docente abre un fío en [Twitter](#) co *hashtag* elixido (p.e #glossario1, #atelaparola, #corsoB1) e asigna unha puntuación ás palabras. Por exemplo, 1 punto para palabras vistas na aula e 2 puntos para palabras "novas" que non saíron na clase.

PASO 2

Cada alumno contribúe engadindo ó glosario un termo que teña que ver co tema da unidade didáctica e unha breve definición feita coas súas propias palabras. Cada *tweet* deberá incluír o *hashtag* correspondente e un só termo, para facer máis sinxela a puntuación. Cada alumno pode engadir tantos *tweets* como queira.

PASO 3

O alumnado pode corrixir as entradas dos demais (heteroavaliación). Poden propoñer tamén fraseoloxía asociada ás palabras engadidas polos compañeiros. Pódese asignar unha puntuación a estas actividades (0,5 puntos).

PASO 4

Ó final da unidade didáctica, na aula farase unha recompilación e repaso de todas as palabras, farase o reconto de puntos e asignaráselle un premio ó ganador.





Actividade: **Presentámonos**

Autoras: Honrado Juan, María Nieves
Blanco Fernández, Elisa

Niveis : A2, B1

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador, conexión a Internet, [Facebook](#) , [App](#)
[Voki](#)  . Gravadora, dispositivos móbiles

Obxectivos:

- Produción oral dunha tarefa de lingua: Presentación persoal nun minuto.
- Publicar a tarefa en [Facebook](#).
- Facer un comentario á tarefa doutro compañeiro.

Xustificación da actividade:

Facilitar ao alumnado a práctica da produción oral, á vez que escoitan tamén a produción dos seus compañeiros e engaden un comentario positivo.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario específico do tema “self-introduction”.
- Expresións e adxectivos referidos a personalidade, posto de traballo, hobbies, etc.
- Uso correcto dos tempos verbais.
- Coherencia e cohesión na presentación.
- Pronunciación e entoación.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Na clase vemos este vídeo ou outro parecido que sirva de apoio:

<https://www.youtube.com/watch?v=UnEmEbWytI8>

Comentamos os aspectos importantes.

PASO 2

O alumnado traballará individualmente supervisado polo profesor. Pode tomar notas ou facer un guión. A tarefa poderá gravarse, preferentemente cos seus dispositivos móbiles, as veces que sexan necesarias ata que o alumno estea satisfeito.

PASO 3

Se o alumno prefire non expoñer publicamente a súa imaxe pode facelo mediante un Avatar en [Voki](#). Ver links de cómo crear un avatar sen ter que rexistrarse, ou avatar con voz rexistrándose. O produto publicarase en [Facebook](#).

PASO 4

Unha vez que xa estean todos publicados e visualizados, comentarán a tarefa dalgún compañeiro.

PASO 5

O profesor dará feedback na clase.



Actividade: **Cores e tempo atmosférico**

Autoras: Mariño Pego, Ana María
Salanova Sarmiento, Isabel

Niveis : C1

Lingua: Inglés

Recursos: Teléfono móbil. conexión a Internet, [WhatsApp](#) ,

Obxectivos:

- Aprender vocabulario e expresións propias dun nivel avanzado.
- Interactuar nas redes sociais, neste caso no [WhatsApp](#), respectando opinións e puntos de vista diferentes.

Xustificación da actividade:

O alumno de nivel C1 debe amosar un amplo dominio de vocabulario. Os modismos e as frases feitas enriquecen a lingua.

Contidos previos a tratar na aula:

Na aula veránse previamente algúns modismos de uso cotiá.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Facilitar ao alumnado páxinas web onde poden atopar listaxes de modismos e expresións relacionadas co tempo atmosférico e as cores.

PASO 2

Os alumnos navegarán polas páxinas web e farán unha recompilación das expresións e modismos que máis lles sorprendan ou lles parezan máis orixinais.

PASO 3

Cada alumno/a comentará no grupo de [WhatsApp](#) tres das expresións elixidas por el ou ela

PASO 4

Na aula, o profesor comentará as aportacións feitas polos alumnos, e compararanse os modismos e as expresións inglesas coas da nosa lingua.


Actividade:

Descrición de imaxes en Instagram

Autora: Ramos Martínez, Alba

Niveis : A1, A2

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador ou móbil, conexión a Internet, [Instagram](#) 

Obxectivos:

- Crear oracións ou pequenos parágrafos describindo unha serie de imaxes publicadas en [Instagram](#).
- Practicar a expresión escrita.

Xustificación da actividade:

A expresión escrita é unha destreza que a miúdo se practica a través de tarefas con instrucións moi específicas e ríxidas que debe seguir o alumnado. Esta actividade promove a creatividade e permite ao alumnado practicar o vocabulario e a gramática aprendidos dunha forma máis entretida e nunha plataforma que seguramente forma parte do día a día do noso alumnado.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario específico relacionado coas imaxes publicadas.
- Contidos gramaticais necesarios para a redacción de certas estruturas que pretendamos que practique o noso alumnado.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Mostramos ao noso alumnado unha serie de imaxes subidas á conta de [Instagram](#) do grupo. Estas imaxes poden estar relacionadas con calquera dos temas vistos na clase (viaxes, comida, educación, rutina diaria, etc.).

PASO 2

Cada alumno/a deberá escoller unha das imaxes e escribir un comentario na publicación correspondente no que proporcione unha pequena descrición da fotografía.

A dificultade da tarefa pódese adaptar ao nivel e coñecementos do alumnado, polo que se pode pedir unha descrición empregando palabras soltas (por exemplo, só adxectivos), unha ou dúas oracións, ou parágrafos de máis de tres oracións.

PASO 3

Finalmente, na clase analizamos os distintos comentarios de forma construtiva e seleccionamos os nosos tres comentarios favoritos.

PASO 4


Na aula, o profesor comentará as aportacións feitas polos alumnos, e compararanse os modismos e as expresións inglesas coas da nosa lingua.

Actividade: **Felicitacións de Nadal**

Autora: Rodicio Rodicio, Ana Belén

Niveis : B1, B2, C1, C2

Lingua: Todas

Recursos: Teléfono móbil, conexión a Internet, [WhatsApp](#) 

Obxectivos:

- Redactar textos moi breves nun contexto real.
- Revisar e consolidar o vocabulario relativo ao Nadal aprendido na aula antes desas vacacións.
- Comparar e compartir aspectos socioculturais relativos ao Nadal.

Xustificación da actividade:

Nas vacacións moitos alumnos fan unha pausa no emprego da lingua estudada. Esta actividade contribúe de un xeito moi simple, a través dun medio que usan constantemente como é [WhatsApp](#), a manter a práctica lingüística así como a empregar o vocabulario e a compartir e comparar aspectos socioculturais relativos ás celebracións de Nadal nun contexto real.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario relativo ao Nadal. Vocabulario relativo á comida, á música, ao cine e á literatura.
- Expresión de hábitos, plans e desexos. Instrucións, Expresión dos gustos.
- Aspectos socioculturais relativos á celebración do Nadal.
- Uso seguro das redes sociais: que e como compartir vía [WhatsApp](#).

**Estos contidos son fácilmente adaptables a distintos niveis de habilidade lingüística.*

Procedemento a seguir:

PASO 1

Previamente ás vacacións, farase unha actividade oral na aula consistente nunha discusión (guiada mediante preguntas) sobre o uso seguro das redes sociais e en concreto sobre que e como compartir vía [WhatsApp](#). Acordarase cos alumnos que durante as vacacións usarán o grupo de [WhatsApp](#) (que normalmente xa ten feito) para felicitarse uns a outros o Nadal e compartir experiencias. Usarase exclusivamente a lingua estudada.

PASO 2

Cada alumno/a compartirá no grupo o seguinte:

(Pódese colgar na aula virtual ou darlles en papel este pequeno guión como recordatorio)

Antes do 25 de decembro:

- Un meme/gif/video felicitando o Nadal. Reaccionarán con emoticonas aos dos compañeiros. Á volta pódese premiar ao mais popular.
- Foto e descrición (ou historia) do seu adorno favorito de Nadal.
- Un texto breve cos ingredientes ou unha receita sinxela ou o menú da cea da Noiteboa.

Antes do 1 de xaneiro:

- Un meme/gif/video felicitando o aninovo. Reaccionarán con emoticonas aos dos compañeiros. Á volta pódese premiar ao mais popular.
- Mención ou descrición breve de unha costume / tradición / actividade que lles gusta facer na Noitevella ou aninovo.
- Un propósito / desexo para o novo ano.

Antes do 8 de xaneiro:

- Mención ou descrición breve da súa película de Nadal / conto / panxoliña favorita.
- Mención ou descrición breve (foto opcional) do agasallo de Nadal (recibido ou dado) que mais (ou menos) lles gustou.
- Valoración das vacacións: Se lles gusta celebrar o Nadal ou non. Se están satisfeitos con que acabe xa ou non.

PASO 3

Se se desexa facer **avaliación** poderíanse valorar os seguintes aspectos:

- Participación en todas as tarefas.
- Interacción cos compañeiros.
- Inclusión de contidos socioculturais adecuados e interesantes.
- Uso do vocabulario de Nadal.
- Corrección gramatical e ortográfica




Actividade: **Expresión oral e escrita en Telegram**

Autor: Roger Quiroga, Enrique

Niveis : Todos

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador, tableta ou teléfono móbil, conexión a Internet,
Telegram 

Obxectivos:


- Practicar a expresión oral con varios compañeiros/-as: mediación, produción, coprodución
- Escribir despois no seu estado de **Telegram** un resumo dos temas que falaron seguindo as normas para facer unha mediación escrita
- Engadir tamén unha produción escrita sobre algún deses temas seguindo as normas da produción escrita.
- Practicar a expresión oral e escrita e avanzar na autocorrección e corrección entre iguais..

Xustificación da actividade:

Os alumnos/as precisan practicar máis a expresión oral e escrita. O uso de redes sociais pode facilitar que se preparen con outros alumnos sen necesidade de encontrarse fisicamente. A razón de usar unha rede social máis minoritaria como **Telegram** é a de facilitar que os alumnos/as usen esta rede social principal ou unicamente para a práctica lingüística da EOI. Esta actividade permite que se practique tanto a expresión oral e escrita, como a produción e mediación oral e escrita. Permite que outros alumnos/as reciban 'retroalimentación' e incluso podan facer comentarios ao que outros/ as suben ao seu estado. O profesor/a pode supervisar unha boa parte de todas estas accións.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario, conectores, expresións habituais para enriquecer a expresión oral e escrita.

- 
- Usar modelos de probas de certificación similares aos que se lles facilitará para a súa interacción oral.
 - Proporcionar modelos de como escribir axeitadamente producións escritas e mediacións.
 - Practicar na aula técnicas para resumir e transmitir contidos en textos escritos que resulten amenos para o lector e mostren un nivel axeitado da lingua do nivel correspondente..

Procedemento a seguir:

PASO 1

O profesor agrupa en parellas (ou tríos se fora preciso) aos alumnos por orde alfabética.

PASO 2

O profesor explica como descargar a rede social [Telegram](#) e o seu funcionamento.

PASO 3

Os alumnos menores de idade deberán traer autorización escrita firmada polo/s titor/es legais. Recomendarase que os alumnos menores e aqueles maiores de idade que o prefiran, eviten usar a cámara e a súa imaxe nas interaccións, e se limiten á parte de audio. Tamén se aconsellará que sobre todo as persoas menores de idade non usen fotos persoais nos seus perfís nesta rede social, polo menos durante a realización desta actividade, por razóns legais.

PASO 4

Todas as parellas/tríos crearán a súa conta de [Telegram](#), senón a tiveran, seguindo as indicacións mencionadas. Empezarán a facer interaccións informais con conversas orais improvisadas.

PASO 5

Cada parella usará os modelos de exames asignados para practicar a expresión oral nas partes de mediación e produción.

PASO 6

Os alumnos escribirán no seu estado as tarefas de produción escrita e mediación escrita mencionadas. Tamén poden subir arquivos de audio, preferentemente sen vídeo, comentando os temas tratados e dando a súa opinión.

PASO 7

Outros alumnos poderán facer comentarios sobre esas tarefas escritas, tanto dar a súa opinión, como mencionar erros lingüísticos que detecten e a súa corrección.

PASO 8

O profesor poderá facer algún comentario e corrección deses escritos subidos ao estado dos alumnos en [Telegram](#), aparte de correccións individuais e privadas na aula, mediante correos electrónicos ou na aula virtual.

Actividade:

Por qué aprender unha lingua estranxeira?

Autoras: Salanova Sarmiento, Isabel
Mariño Pego, Ana María

Niveis : B2

Lingua: Inglés

Recursos: Ordenador, conexión a Internet, [Facebook](#) , [Messenger](#) 

Obxectivos:

- Crear un fío en [Facebook](#), onde o alumnado expón as súas razóns para aprender inglés.
- Practicar a mediación oral.

Xustificación da actividade:

Unha das probas de exame de B2 é a mediación oral. Desta maneira, o alumnado pode expresar de xeito interactivo as súas razóns para aprender o idioma.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario específico.
- Conectores para expresar razón e finalidade.
- Estructuras gramaticais propias do nivel.
- Organización do texto oral.

Procedemento a seguir:

PASO 1

O profesor ou profesora sube a [Facebook](#) unha foto dunha tarxeta para práctica oral coas cinco "tips" máis comúns para aprender inglés.

PASO 2

O alumnado debe escoller tres desas cinco razóns para explicarlles ao resto dos compañeiros, utilizando unha linguaxe sinxela para que os compañeiros o podan entender.

PASO 3

Unha vez que todos teñan escollidas as súas tres "tips", conectaranse a través do [Messenger](#), nunha videoconferencia, e cada un expoñerá os seus argumentos.

PASO 4

O profesor ou profesora fará un "feedback" na aula, comentando as exposicións do alumnado e facendo as aclaracións necesarias.




Actividade: **Imos ao cine**

Autora: Sanmiguel Sousa, Sandra

Niveis : B1, B2

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador, teléfonos móbiles, conexión a Internet,
[Youtube](#) 

Obxectivos:

- Gravar vídeos nos que o alumnado realiza a crítica dunha película.
- Crear unha canle de [Youtube](#) para expoñer os vídeos feitos polo alumnado.
- Proporcionar retroalimentación construtiva ao traballo dos compañeiros e compañeiras.

Xustificación da actividade:

O cine é un dos temas que se trata habitualmente nos niveis B1 e B2 dentro da área temática de tempo libre e actualidade (actividades de lecer e culturais). Soe ser un tema interesante e motivador para o alumnado. É habitual analizar a estrutura das críticas de cine na aula e propoñer que o alumnado redacte a súa propia crítica. A opción de gravar a crítica en vídeo favorece o desenvolvemento da expresión oral e pode resultar realista e motivador para o alumnado actual, moi habituado a compartir imaxe e son nas redes sociais.

Contidos previos a tratar na aula:

- Aprender vocabulario e expresións relacionadas coas películas e o cine.
- Practicar os tempos verbais e as estruturas gramaticais necesarias para elaborar unha crítica de cine (formas pasivas, expresar opinións, facer recomendacións, etc.)
- Coñecer a estrutura habitual das críticas de cine a través de exemplos.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Na aula trabállanse os contidos léxicos, gramaticais e textuais necesarios para que o alumnado sexa quen de producir a crítica dunha película.

PASO 2

O alumnado escolle a película da que quere falar e redacta un guión para o vídeo, que terá unha duración máxima de 3 minutos.

O profesorado supervisa e ofrece a axuda necesaria.

PASO 3

O profesorado crea a canle de [Youtube](#) da clase para aloxar os vídeos.

O alumnado grava os vídeos empregando os seus teléfonos móbiles e sóbeos á canle de [Youtube](#) da clase.

PASO 4

Os vídeos reproducense na clase ou pídeselle ao alumnado que os vexa individualmente.

Cada persoa debe valorar os vídeos de alomenos dous compañeiros ou compañeiras empregando a técnica de dúas estrelas e un desexo (dúas observacións positivas e unha suxestión de mellora).

PASO 5

O alumnado será avaliado mediante unha rúbrica que teña en conta tanto os aspectos lingüísticos do vídeo (fluidez, pronuncia, corrección...) como a valoración do traballo dos compañeiros e compañeiras




Actividade: **Canción de Nadal**

Autor: Sarmiento Tránchez, Santiago

Niveis : A2, B1, B2

Lingua: Galego

Recursos: Teléfono móbil, aplicacións de edición para móbil, conexión Wifi, [WhatsApp](#) 

Obxectivos:

- Desenvolver habilidades comunicativas e utilizar as TICs para dar un uso pragmático á lingua.
- Aproximarse á aplicación [WhatsApp](#) como ferramenta de traballo na sala de aulas.

Xustificación da actividade:

Co propósito da aproximación das festas de Nadal, decidimos elaborar un vídeo dunha panxoliña cantada polo grupo de clase para aproximarnos á cultura galega, aproveitar a aplicación [WhatsApp](#) como ferramenta de comunicación e coñecer diferentes tipos de montaxes audiovisuais.

Contidos previos a tratar na aula:

- Coñecemento e aplicación á comprensión do texto oral, dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos ao Nadal.
- Uso de diferentes tipos de aplicacións para a montaxe audiovisual.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Formamos entre os alumnos un grupo de [WhatsApp](#) que se vai chamar “Acelgas do país”. Para iso vamos creando una treboada de ideas a través das conversas na aplicación. Finalmente, entre todo o grupo escollemos o nome xa referido anteriormente.

O profesor envía ao grupo unha documentación relativa ao Nadal para crear expectación e desexo de achega á cultura Galega. Alí veremos costumes e tradicións como as “Xaneiras” e as “Panxoliñas” de Nadal. Alén diso contamos polo grupo as nosas propias experiencias do Nadal cando meniños.

PASO 2

Entre todos e na sala de clase escoitamos a panxoliña de Fuxan os Ventos “Vinde ver o Neno”.

Enchemos espazos lacunares para practicar o léxico.

Comezamos a cantar a canción como adestramento para o vídeo final e xa en casa e por medio do [WhatsApp](#) continuamos coa conversa. Decidimos aportar instrumentos musicais como a pandeireta, a castañola e a cuncha de vieira para a próxima sesión.

PASO 3

Cantamos a canción mentres tocamos os instrumentos de percusión. Facemos a proba tres veces e finalmente decidimos gravala.

Despois de gravado o vídeo decidimos editalo para poder envialo por [WhatsApp](#).

Á súa vez comentamos no grupo cal sería o editor dixital adecuado para elaborar o vídeo. Comentamos por [WhatsApp](#) os pormenores a mellorar desde o punto de vista da edición dixital e penduramos o vídeo no link facilitado polo equipo de actividades culturais onde se organiza un concurso de cancións de Nadal adaptadas en diferentes linguas.

Finalmente, comentamos polo grupo a idoneidade de utilizar [WhatsApp](#) como soporte de comunicación de grupo de “Galego Celga 4”. Así decidimos levalo ata o día de hoxe.

Actividade: **O falar non ten cancelas**

Autora: Taboada Eiré, Cristina

Niveis : B2, C1, C2

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador, conexión a Internet, [Instagram](#) 

Obxectivos:

- Crear contidos gráfico-visuais para [Instagram](#) a partir da fraseoloxía galega.
- Ampliar a riqueza léxica do alumnado.
- Valorar o patrimonio lingüístico e cultural da nosa lingua.
- Comparar a nosa fraseoloxía coa doutras linguas da escola.

Xustificación da actividade:

Habitualmente, para o alumnado resulta difícil poder utilizar de forma natural e nos contextos axeitados a fraseoloxía. Por esta razón utilizaremos [Instagram](#).

Contidos previos a tratar na aula:

- Estructura, natureza e uso das expresións idiomáticas.
- Expresións fraseolóxicas descataadas, categorizadas por temas.
- Usos metafóricos e figurados da lingua nas expresións idiomáticas.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Sabías que? O docente fará un achegamento á historia de certas expresións fraseolóxicas e a súa equivalencia noutras linguas da nosa contorna: *Estar coma o rei nunha cesta, Ir feita unha Berenguela.*

O/A docente pide ao seu alumnado que busquen unha expresión idiomática relacionado co tema que se trate na aula eses días (formas de ser, estados de ánimo, traballo, alimentación...), e publicará unha expresión idiomática nun dos idiomas impartidos na escola: *be nothing but skin and bone.*

PASO 2

Unha imaxe e mil palabras: O alumnado deberá escoller unha imaxe para ilustrar unha expresión fraseolóxica: *Nunca choveu que non escampara*. Para isto, poden utilizar: *Canva, Postermywall...*

PASO 3

Publicaranse as composicións en [Instagram](#) e o alumnado darán un “like” á publicación que máis lles gustara.

PASO 4:

O/A profesor/a pedirá que o alumnado argumente a súa escolla e que indique algún contexto no que a utilizaría a expresión escollida.

O alumnado deberá relacionar unha das expresións idiomáticas traballadas como a equivalente a publicada en inglés (ou noutros dos idiomas impartidos na escola).




Actividade: **In giro per la città**

Autora: Vázquez González, Rut

Niveis : Todos

Lingua: Todas

Recursos: Ordenador, conexión a Internet, [Flipgrid](#),  Google Maps, Aula Virtual

Obxectivos:

- Crear un videoforum en [Flipgrid](#) apoiado no mapa dunha cidade para situala xeograficamente, describila e dar indicacións sobre como chegar a 2 puntos de interese partindo da estación de tren ou doutros puntos centrais de entrada á cidade.
- Practicar a expresión oral do monólogo: desde un texto máis breve con preguntas de base en A2 ou B1, a exposicións sobre cuestións máis complexas para os niveis B2 ou C1: tipos de cidades, arquitecturas, humanización, ambiente, transitabilidade, tráfico ou outros aspectos da xeografía física e humana dos espazos urbáns.

Xustificación da actividade:

Ao alumnado cóstalle falar só e ser eficaz nas exposicións orais. Queremos mostrar como se gana elocuencia e capacidade comunicativa coa preparación individual e a exposición á práctica.

Contidos previos a tratar na aula:

- Estructuras e vocabulario para a descrición dunha cidade.
- Expresións de lugar, situación xeográfica e indicacións de dirección e sentido.
- Preparación dun monólogo oral baseado nun guión.
- Recursos relacionados coa prosodia, entoación, dinamismo discursivo, superación de muletillas ou silencios.

Procedemento a seguir:

PASO 1

O/A docente mostra [algún vídeo](#) describindo [espazos urbáns ou percorridos](#), indica as características formais e lingüísticas e ofrece máis exemplos para que o alumnado realice a mesma observación de xeito autónomo, tomando nota dos aspectos relevantes.

PASO 2

O/A docente dá unha batería de 5 preguntas sobre as que guionizar o vídeo que realizará o alumnado:

- 1) Que cidade escolles e porque?
- 2) Onde está situada en Italia?
- 3) Cales son as súas principais características?
- 4) Cando convén visitala?
- 5) Que 2 puntos non debes perder?

A estas 5 preguntas base engadiranse as indicacións sobre como chegar aos 2 puntos da cidade escollidos desde a estación de tren ou un punto de entrada na cidade, apoiándose nun plano dixital de *Google Maps*.

PASO 3

A docente mostrará como empregar a ferramenta [Flipgrid](#) e deixará [un exemplo na propia aplicación de Flipgrid](#).

PASO 4:

O alumnado terá 10 días para realizar pola súa conta un vídeo ao fío do exemplo en [Flipgrid](#) da tarefa, describindo a cidade italiana escollida e dando as indicacións para chegar a 2 puntos de interese nela. Ademais terá que facer un comentario aos vídeos realizados polo resto das persoas compañeiras de clase.


Con este sistema de comentarios cruzados (heteroavaliación) e unha rúbrica sinxela de autoavaliación elaborada pola docente coa contribución do alumnado, realizarase a valoración dos video-monólogos presentados.

Actividade: **Desexos de aninovo**

Autor: Alonso Barreiro, Pablo

Niveis : A1, A2, B1

Lingua: Chinés

Recursos: Ordenador ou móbil con conexión a Internet, [TikTok](#) 

Obxectivos:

- Crear unha serie de vídeos con diversas frases típicas e desexos para o aninovo por parte do alumnado.
- Practicar a expresión e comprensión oral

Xustificación da actividade:

[TikTok](#) é unha ferramenta actual, de uso cotián polo alumnado novo, que lles permite visualizar e expresar en breve espazo de tempo as súas ideas.

Utilizar unha aplicación deste tipo, fai que parte do alumnado teña máis motivación na realización da tarefa.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario específico e expresións típicas do aninovo.
- Gramática para a expresión de desexos e plans de futuro.

Procedemento a seguir:

PASO 1

O profesor amosa vídeos sobre diversos “tiktokers” nos que desexan un feliz aninovo.


PASO 2

Os alumnos xunto co profesor, recollen e anotan vocabulario relacionado co aninovo chinés.

PASO 3

Os alumnos preparan o texto que pretenden empregar no vídeo de [TikTok](#)

PASO 4


O profesor comentará na aula os resumos publicados en [TikTok](#) e compartiranse os vídeos nas redes sociais da Escola, xa que un vídeo de [TikTok](#) pode compartirse tamén en , [Instagram](#)  , por exemplo

Actividade: **Falando da tua cidade**

Autora: Millán González, Mónica

Niveis : B1

Lingua: Todas

Recursos: Tableta ou móbil con conexión a Internet, [Instagram](#) 

Obxectivos:

- Practicar de forma oral o vocabulario da cidade, os monumentos e sitios emblemáticos a visitar por locais e turistas.
- Dar unha breve explicación do uso actual dos monumentos e sitios emblemáticos da cidade e elaborar unha breve recensión histórica.

Xustificación da actividade:

Aínda que o alumnado está afeito a realizar exercicios de forma escrita, a parte de produción oral é a que máis tardan en desenvolver. Con esta actividade facilitarase o traballo colaborativo para presentar, gravar e publicar un breve vídeo sobre un sitio destacable do lugar onde viven de forma diferente e lúdica.

Contidos previos a tratar na aula:

- Vocabulario da cidade.
- Correcta pronuncia do vocabulario necesario.
- Presente simple.
- Pasado simple.

Procedemento a seguir:

PASO 1

Na aula presentarase o vocabulario obxecto de estudo. Repasaranse os tempos verbais a utilizar e formaranse frases de exemplo (brainstorming).

PASO 2

Visionado dun vídeo moi breve de exemplo sobre un monumento dunha cidade.

PASO 3

En grupos, os alumnos elaborarán frases sobre un monumento ou sitio emblemáticos da cidade. Utilizarán o pasado simple para falar do ano de construción e para describir algún dato significativo da súa historia e o presente para describilo e/o para que se utiliza hoxe en día.

PASO 4

Cada grupo gravará un vídeo breve diante o monumento ou lugar escollido que subirán logo a [Instagram](#). O resto dos alumnos o visionarán e daranlle un *like* ❤️ nunha semana de prazo.

PASO 5

Finalmente, haberá un feedback en clase no que se comentará tanto o proceso como o produto final de forma conxunta.

Exemplos de uso das **Redes Sociais** na Aula de Idiomas



Febreiro 2023
Escola Oficial de Idiomas de Ourense

